

ORDE do ____ de marzo de 2024 pola que se convoca concurso de méritos para a selección e o nomeamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

TEXTO:

A Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modifica os artigos 134 e 135 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, relativos á selección da dirección dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas nesta lei, os requisitos para ser persoas candidatas á dirección e o procedemento de selección. No artigo 134.1.c) establécese que as administracións educativas poderán considerar como requisito a formación á que se refire o apartado 6 do artigo 135, opción que se recolle nesta orde.

No artigo 133 establécese que a selección e nomeamento das direccións nos centros públicos se efectuará mediante concurso de méritos entre o persoal docente de carreira que imparta algunha das ensinanzas encomendadas ao centro e que se realizará de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

A selección, nomeamento e cesamento dos directores e directoras dos centros docentes públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establécese no Decreto 222/2022, do 7 de decembro (DOG do 11 de xaneiro de 2023), que derroga o Decreto 29/2007.

Procede convocar concurso de méritos para seleccionar as direccións dos centros que rematan o seu mandato no actual curso académico 2023-2024 e non solicitaron a correspondente prórroga e aquelas direccións que rematan o seu mandato de carácter extraordinario ou accidental.

Na súa virtude, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

ACORDA:

Artigo 1. *Convocatoria*

Convócase concurso de méritos para seleccionar e nomear as direccións dos centros docentes públicos onde se imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que se relacionan no anexo I desta orde.

A selección realizarase de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

Artigo 2. *Requisitos para ser persoa candidata á dirección*

2.1. Para participar neste concurso de méritos para ser nomeada directora ou director dun centro docente público dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser persoal funcionario de carreira dun corpo docente a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, incluído o corpo a extinguir de profesores técnicos de formación profesional.

b) Ter unha antigüidade de polo menos cinco anos como persoal funcionario na función pública docente con nomeamento nun dos corpos a que se fai referencia na subepígrafe anterior.

c) Ter exercido funcións docentes como persoal funcionario, durante un período de polo menos cinco anos, nalguna das ensinanzas das que ofrece o centro a que se opta. Para estes efectos, considéranse as mesmas ensinanzas a educación infantil e a educación primaria.

d) Estar prestando servizos nun centro educativo dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e depender organicamente desta. Tamén poderán presentarse aquelas persoas en situación de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares ou en excedencia voluntaria, sempre que se estivese nunha destas situacións por resolución da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade e en 1 de xullo de 2024 se reúnan os requisitos para reingresar no servizo activo.

e) Posuír unha certificación acreditativa de ter superado un curso de formación sobre competencias para o desenvolvemento da función directiva impartido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, polo Ministerio de Educación e Formación Profesional ou polas administracións educativas das restantes comunidades autónomas con validez en todo o territorio nacional.

Será, así mesmo, válida a superación dos cursos organizados por persoas físicas ou xurídicas determinadas por unha Administración educativa, sempre que conste expresamente que foron autorizados para os efectos establecidos no artigo 135.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Estarán exentas de acreditar a superación deste programa de formación sobre o desenvolvemento da función directiva as persoas que acrediten unha experiencia de polo menos

catro anos no exercicio da dirección de centros docentes públicos con avaliación positiva do seu traballo.

f) Presentar un proxecto de dirección nos termos previstos no artigo seguinte.

2.2. Para participar no concurso de méritos para ser nomeada/o directora ou director dun centro público específico de educación infantil, dun centro incompleto de educación primaria, nos centros de educación secundaria con menos de oito unidades, nos centros en que se imparten ensinanzas artísticas profesionais, deportivas, de idiomas ou nos centros específicos de adultos con menos de oito profesores, non se exixirán os requisitos establecidos nas letras b), c) e e) do punto 1 desta epígrafe.

2.3. Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse e ser acreditados na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

2.4. O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que preste servizo nos centros que imparten ensino secundario obrigatorio poderá optar á dirección dos centros docentes en que se imparte o dito nivel educativo sempre que cumpra os requisitos sinalados nas epígrafes anteriores.

Así mesmo, de conformidade co establecido no punto 2 da disposición adicional cuarta do Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, poderá presentarse o persoal docente do corpo de mestres das especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que desempeñase funcións de atención á diversidade na educación secundaria durante, polo menos, cinco anos, e reúnan os restantes requisitos sinalados nas epígrafes anteriores.

Artigo 3. *Solicitudes e documentación*

3.1. A solicitude de participación no concurso de méritos dirixirase á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da provincia correspondente, e poderase descargar unha vez formalizados os datos de participación no concurso a través do enderezo web <https://www.edu.xunta.gal/cxt> (anexo III).

Xunto coa solicitude achegarse, ademais:

a) Documentación acreditativa dos méritos académicos e profesionais alegados en relación co baremo que se publica como anexo II a esta orde, agás aqueles que xa consten na base de datos de persoal.

b) Documentación acreditativa de ter superado o curso de formación ou o curso de actualización sobre o desenvolvemento da función directiva, agás que xa conste na base de datos de persoal.

c) O proxecto de dirección que inclúa, polo menos, unha presentación e fundamentación do proxecto, os obxectivos, os plans e as liñas de actuación e a avaliación deste. O proxecto de dirección deberá estar orientado a lograr o éxito escolar de todo o alumnado e deberá incluír, entre outros, contidos en materia de igualdade entre mulleres e homes, non discriminación e prevención da violencia de xénero. De solicitarse máis dun centro deberá presentarse un proxecto específico de dirección para cada centro.

O proxecto de dirección non excederá de 30 folios DIN A4, nun tipo de letra: Times New Roman, tamaño de letra: 12, espazo entre liñas: 1,5.

3.2. Efectuárase unha solicitude por cada centro que se demande ata un máximo de dúas.

3.3. Así mesmo, o persoal participante no concurso de méritos remitirá ao centro ou centros docentes que solicite unha copia do seu proxecto de dirección. Este proxecto estará a disposición das persoas membros do claustro de profesores e do consello escolar na secretaría do centro durante un período mínimo de 10 días lectivos, no horario que estableza a dirección do centro.

No taboleiro de anuncios da sala de profesorado exporase unha relación das candidaturas presentadas, así como o prazo e o horario en que poderán verse os proxectos de dirección na secretaría.

3.4 A solicitude de participación xerada previamente na páxina web <http://www.edu.xunta.gal/cxt>, xunto coa documentación á que se alude na epígrafe 3.1, presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>, mediante a solicitude xenérica dispoñible na sede electrónica (código de procedemento PR004A) e dirixirse á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da provincia correspondente. Cómpre sinalar que para acceder a este servizo é preciso dispor dun certificado electrónico ou Chave365.

No suposto de participar no concurso a dous centros, presentarase unha solicitude por cada un deles.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

3.5. As persoas aspirantes serán responsables da veracidade da documentación achegada e, conforme se indica no formulario da solicitude, declararán que esa documentación é copia fiel dos orixinais que figuran no seu poder, sen prexuízo da posibilidade por parte da Administración de requirirlles en calquera momento a documentación orixinal. No caso de inexactitude, falsidade ou omisión en calquera dato ou documento achegado, isto comportará a perda do dereito á participación neste proceso, con independencia das responsabilidades que procedan, conforme dispón o artigo 69.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.6. Unicamente se terán en conta aqueles méritos debidamente xustificados dentro do prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 4.2. desta orde.

Os méritos achegados para a súa valoración deberán posuírse na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

Artigo 4. *Prazo de presentación de solicitudes e emenda*

4.1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación será de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4.2. Agás a presentación do proxecto de dirección, se a restante documentación achegada non reúne os requisitos exixidos na presente orde, a Comisión de Selección requirirá á persoa interesada para que emende a falta ou achegue os documentos preceptivos no prazo de 10 días hábiles desde a súa notificación e coa indicación de que, se así non o fixer, non lle serán tidos en conta ou, de ser o caso, realizárase a declaración de desistencia.

Artigo 5. *Comisión de Selección*

5.1. En cada centro educativo constituirase unha Comisión de Selección, nomeada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que terá como sede a localidade e local que decida a súa presidencia e que terá a seguinte composición:

a) Dúas persoas pertencentes ao corpo de inspección educativa, designadas pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, unha das cales exercerá a presidencia da Comisión.

b) Un director ou directora en activo en centros que impartan as mesmas ensinanzas que aquel no cal se desenvolve o procedemento de selección, con un ou máis períodos de exercicio con avaliación positiva do traballo desenvolvido, designado pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

c) Tres profesores do centro elixidos polo claustro de profesores, de entre os cales se designará o secretario da Comisión. No caso de producirse empate no número de votos, repetirase unha vez a votación e, de persistir o empate, dirimirase por sorteo.

d) Tres membros non docentes do consello escolar elixidos polo propio consello escolar. No caso de producirse empate no número de votos, repetirase unha vez a votación e, de persistir o empate, dirimirase por sorteo.

5.2. Os alumnos e alumnas que, se é o caso, sexan nomeados como representantes do consello escolar terán que estar matriculados nun curso non inferior a terceiro de educación secundaria obrigatoria.

5.3. En ningún caso, as persoas candidatas á dirección poderán formar parte da Comisión de Selección.

5.4. Designarase unha persoa suplente de cada persoa integrante da Comisión de Selección en cada un dos ámbitos de representación, que actuará en substitución da persoa titular cando exista causa xustificada que impida a actuación desta.

5.5. Ás persoas integrantes da Comisión de Selección seranlles de aplicación as normas sobre abstención e recusación previstas nos artigos 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

5.6. A Dirección do centro comunicará para o seu nomeamento as persoas representantes do claustro e do consello escolar na Comisión de Selección á xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao de remate do prazo de solicitudes establecido no artigo 4 desta orde, sen que se teñan en consideración posibles ampliacións deste.

5.7. A non elección das persoas representantes do claustro de profesores ou do consello escolar non impedirá a constitución e o normal funcionamento da Comisión de Selección.

5.8. A composición da Comisión de Selección publicarase no taboleiro de anuncios do centro.

Artigo 6. Composición da Comisión de Selección en determinados supostos

1. Cando o número de profesorado do centro sexa inferior a catro ou o número de candidaturas á dirección non lle permita ao claustro elixir tres persoas de entre o profesorado, a composición da Comisión de Selección será a seguinte:

a) Unha persoa pertencente ao corpo de inspección educativa designada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que exercerá a presidencia.

b) Un director ou directora en activo en centros que impartan as mesmas ensinanzas que aquel en que se desenvolve o procedemento de selección, con un ou máis períodos de exercicio con avaliación positiva do traballo desenvolvido, designado pola persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación.

c) Dous profesores do centro elixidos polo claustro de profesores, de entre os cales se designará o secretario da Comisión.

d) Dous membros non docentes do consello escolar elixidos polo propio consello escolar.

2. Composición excepcional da Comisión de Selección.

De xeito excepcional, cando non sexa posible nomear a Comisión de Selección de acordo co establecido no punto primeiro deste artigo por non poder nomear dúas persoas integrantes do profesorado do centro por mor das candidaturas presentadas, a composición será a seguinte:

a) Unha persoa pertencente ao corpo de inspección educativa designada pola persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de educación, que exercerá a presidencia.

b) Un profesor do centro elixido polo claustro de profesores, que será o secretario da Comisión.

c) Un membro non docente do consello escolar elixido polo propio consello escolar.

Artigo 7. *Funcións da Comisión de Selección e procedemento de funcionamento*

7.1. Recibidas as solicitudes dirixidas á xefatura territorial, a Comisión de Selección comprobará que o persoal aspirante reúne os requisitos establecidos nesta orde e notificaralle ao persoal aspirante a admisión ou exclusión da súa petición.

7.2. Contra a exclusión da solicitude, o persoal aspirante poderá presentar reclamación perante a propia comisión seleccionadora, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da notificación do rexeitamento da solicitude.

7.3. A Comisión de Selección valorará os méritos académicos e profesionais de cada persoa aspirante con destino no centro e, se for o caso, das persoas candidatas que non o teñen, de acordo co baremo que se publica como anexo II desta orde.

7.4. A Comisión de Selección valorará, así mesmo, os proxectos de dirección, de acordo co establecido no baremo que se publica no anexo II desta orde, e poderá ter unha entrevista co profesorado que presentou candidatura se considera necesario clarificar algúns aspectos do proxecto de dirección. Cando a Comisión de Selección decida a realización desta entrevista, deberá efectualala a todas e cada unha das persoas candidatas.

7.5. A cualificación do proxecto de dirección será a media aritmética das cualificacións de todas as persoas membros presentes da Comisión, que deberán deixar constancia por escrito da cualificación outorgada. Cando entre as puntuacións outorgadas polas persoas membros da Comisión exista unha diferenza de tres ou máis enteiros, serán automaticamente excluídas as cualificacións máxima e mínima, e calcularase a puntuación media entre as cualificacións restantes. No caso de empate entre cualificacións máximas ou mínimas, unicamente será excluída unha delas.

7.6. A Comisión de Selección publicará no taboleiro de anuncios do centro educativo a puntuación provisional das persoas candidatas á dirección. Contra esta puntuación poderá presentarse reclamación ante a propia Comisión no prazo de cinco días hábiles computados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

7.7. Cada persoa membro da Comisión elaborará un sucinto informe xustificativo da súa cualificación do proxecto de dirección.

Artigo 8. *Selección do director ou directora*

8.1. Transcorrido o prazo de reclamacións e, se é o caso, resoltas estas, a Comisión de Selección establecerá a puntuación final obtida polo persoal aspirante e seleccionará a persoa candidata que propondrá como directora ou director do centro, para o seu nomeamento pola xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

8.2. Para poder ser seleccionada e nomeada para a dirección é necesario obter polo menos seis puntos no proxecto de dirección.

8.3. A selección realizarase considerando primeiro as candidaturas do profesorado do centro, que terán preferencia. En ausencia de candidaturas do centro ou cando estas non superasen a puntuación mínima no proxecto de dirección, a Comisión valorará as candidaturas do profesorado doutros centros.

8.4. No caso de se produciren empates na puntuación total das persoas aspirantes, estes dirimiranse atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

- a) Maior puntuación no proxecto de dirección.
- b) Maior puntuación na epígrafe 2 do baremo.
- c) Maior puntuación na epígrafe 1 do baremo.

8.5. Se unha persoa candidata resulta seleccionada para dous centros, nomearase no centro en que teña destino definitivo. De non ter destino definitivo en ningún dos centros, será nomeada no centro polo que opte, e seleccionárase e nomearase no centro non elixido outra persoa aspirante que reúna os requisitos con maior puntuación.

Artigo 9. *Recursos*

Contra a decisión da Comisión de Selección, que resolve definitivamente o concurso de méritos de selección da dirección do centro, poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, ante a xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Artigo 10. *Nomeamento*

10.1. A persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nomeará director ou directora do centro a persoa proposta pola Comisión de Selección.

10.2. Os nomeamentos das directoras ou directores terán efectos do 1 de xullo de 2024 e por unha duración de catro anos, prorrogables por períodos de igual duración, ata un máximo de tres mandatos, logo de avaliación positiva do traballo desenvolvido ao final destes, oído o consello escolar.

10.3. Cando o nomeamento recaia nun funcionario ou funcionaria que non teña destino definitivo no centro, o nomeamento implicará a concesión dunha comisión de servizos.

Artigo 11. *Nomeamento con carácter extraordinario*

Nos supostos de ausencia de persoas candidatas, ou cando a Comisión correspondente non seleccione ningunha persoa candidata, ou nos centros de nova creación, a dirección será nomeada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, oído o consello escolar, por un período de dous anos, entre o profesorado que reúna os requisitos establecidos no artigo 2 desta orde, agás as epígrafes e) e f).

A persoa nomeada deberá realizar a formación para o desenvolvemento da función directiva prevista no artigo 2.1.e) desta orde, agás que xa a posúa ou estivese exenta da súa realización.

Disposición adicional primeira. *Impugnación da orde*

Esta orde poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo que resulte competente, no prazo de dous meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

ANEXO I
Centros con praza vacante de Dirección para o curso 2024-2025

Código	Centro	Concello	Provincia
15004745	CEIP Plurilingüe Anxo da Garda	A Coruña	A Coruña
15023132	EOI da Coruña	A Coruña	A Coruña
15025611	IES Monte das Moas	A Coruña	A Coruña
15032303	CMUS Profesional da Coruña	A Coruña	A Coruña
15013163	EEI Fernández Varela	A Pobra do Caramiñal	A Coruña
15000016	CEIP Plurilingüe San Marcos	Abegondo	A Coruña
15000569	CEIP San Xosé Obreiro	Arteixo	A Coruña
15032376	EEI de Vilarrodís-Oseiro	Arteixo	A Coruña
15021767	IES Plurilingüe Castro da Uz	As Pontes de García Rodríguez	A Coruña
15025074	CEIP O Marbán	As Somozas	A Coruña
15001148	IES As Mariñas	Betanzos	A Coruña
15001616	CEIP de Escarabote	Boiro	A Coruña
15027851	IES A Cachada	Boiro	A Coruña
15032571	CRA de Boqueixón-Vedra Neira Vilas	Boqueixón	A Coruña
15025554	CEIP Emilio González López	Cambre	A Coruña
15026704	IES David Buján	Cambre	A Coruña
15023077	CEIP Plurilingüe de Gándara-Sofán	Carballo	A Coruña
15002852	CEIP do Pindo	Carnota	A Coruña
15027885	IES Lamas de Castelo	Carnota	A Coruña
15020970	CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro	Cerceda	A Coruña
15021809	CEIP Plurilingüe Sofía Casanova	Culleredo	A Coruña
15025633	CEIP Plurilingüe Os Casais	Fene	A Coruña
15021858	CEIP Plurilingüe Almirante Juan de Lángara y Huarte	Ferrol	A Coruña
15007621	CPI Plurilingüe Cabo da Area	Laxe	A Coruña
15008301	IES Urbano Lugrís	Malpica de Bergantiños	A Coruña
15008490	CEIP Víctor Sáenz	Mazaricos	A Coruña
15020854	CPI de Xanceda	Mesía	A Coruña
15019499	CEIP de Piñeiros	Narón	A Coruña
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	A Coruña
15022577	CEIP de Maciñeira	Neda	A Coruña
15010681	CEIP Plurilingüe Alexandre Rodríguez Cadarso	Noia	A Coruña
15011336	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Ordes	A Coruña
15011567	CEIP Plurilingüe de Sigüeiro	Oroso	A Coruña
15032509	CRA de Oroso	Oroso	A Coruña
15032868	CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés	Oroso	A Coruña
15020544	IES de Ortigueira	Ortigueira	A Coruña
15012717	CEIP Rosalía de Castro	Padrón	A Coruña
15013503	CEIP Couceiro Freijomil	Pontedeume	A Coruña
15027691	IES de Porto do Son	Porto do Son	A Coruña
15014180	CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao	Rianxo	A Coruña
15014261	CEIP Heroínas de Sálvora	Ribeira	A Coruña

Código	Centro	Concello	Provincia
15014465	CEIP Plurilingüe de Palmeira	Ribeira	A Coruña
15021731	CEIP Plurilingüe de Frións	Ribeira	A Coruña
15014957	CPI de San Sadurniño	San Sadurniño	A Coruña
15015238	CEIP Plurilingüe Barrié de la Maza	Santa Comba	A Coruña
15015998	CEIP Ramón Cabanillas	Santiago de Compostela	A Coruña
15025712	IES Antonio Fraguas Fraguas	Santiago de Compostela	A Coruña
15015676	CEIP de Prácticas López Ferreiro	Santiago de Compostela	A Coruña
15025724	CEIP Plurilingüe Os Tilos	Teo	A Coruña
15020994	CPI de Viaño Pequeno	Trazo	A Coruña
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	A Coruña
15020921	CEIP de Présaras	Vilasantar	A Coruña
15026418	IES Terra de Soneira	Vimianzo	A Coruña
27010155	CEIP Plurilingüe da Pobra de Brollón	A Pobra de Brollón	Lugo
27000010	CEIP Aquilino Iglesia Alvariño	Abadín	Lugo
27000319	CEIP Plurilingüe Concepción López Rey	Baleira	Lugo
27007958	CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	Lugo
27016315	IES de Becerreá	Becerreá	Lugo
27013958	IES Monte Castelo	Burela	Lugo
27016509	IES Marqués de Sargadelos	Cervo	Lugo
27003655	CPI Poeta Uxío Novoneyra	Folgoso do Courel	Lugo
27016200	IES Poeta Díaz Castro	Guitiriz	Lugo
27014008	CPI Plurilingüe Tino Grandío	Guntín	Lugo
27006371	CEIP Anexa	Lugo	Lugo
27006383	CEIP A Ponte	Lugo	Lugo
27014665	CEIP Luís Pimentel	Lugo	Lugo
27006735	CEIP Plurilingüe Poeta Avelino Díaz	Meira	Lugo
27014847	CEIP Plurilingüe do Corgo	O Corgo	Lugo
27011032	CEIP de San Clodio	Ribas de Sil	Lugo
27013387	CEIP de Celeiro	Viveiro	Lugo
27020628	EOI de Viveiro Luz Pozo Garza	Viveiro	Lugo
32000356	CEIP Plurilingüe Ramón Otero Pedrayo	Amoeiro	Ourense
32000708	CEIP Virxe de Guadalupe	Avión	Ourense
32015906	CEIP Pena Corneira	Carballeda de Avia	Ourense
32015268	CEIP Plurilingüe Otero Novas	Cortegada	Ourense
32006553	CEIP de Maceda	Maceda	Ourense
32006929	CPI Terras de Maside	Maside	Ourense
32008173	CEIP de Oimbra	Oimbra	Ourense
32009360	CPI Plurilingüe José García García	Ourense	Ourense
32015220	CEIP Vistahermosa	Ourense	Ourense
32015669	CEIP Mestre Vide	Ourense	Ourense
32011305	CEIP Plurilingüe de Ribadavia	Ribadavia	Ourense
32016042	CEIP de Sandiás	Sandiás	Ourense
36002335	IES Manuel Garcia Barros	A Estrada	Pontevedra
36016127	IES Plurilingüe Aquis Celenis	Caldas De Reis	Pontevedra
36024938	CRA de Caldas de Reis	Caldas De Reis	Pontevedra
36000478	CEP Antonio Magariños Pastoriza	Cambados	Pontevedra
36016103	CEIP de Corvillón	Cambados	Pontevedra

Código	Centro	Concello	Provincia
36001033	CEIP Plurilingüe San Roque de Darbo	Cangas	Pontevedra
36015950	CEIP Plurilingüe da Espiñeira-Aldán	Cangas	Pontevedra
36015111	CPI Aurelio Marcelino Rey García	Cuntis	Pontevedra
36018987	CRA Antía Cal	Gondomar	Pontevedra
36004496	CEIP Sequelo-Marín	Marín	Pontevedra
36004711	CEIP Plurilingüe Domaio	Moaña	Pontevedra
36004927	CPI de Mondariz	Mondariz	Pontevedra
36005087	CEIP Mondariz-Balneario	Mondariz Balneario	Pontevedra
36020131	IES de Mos	Mos	Pontevedra
36007539	CEIP Fermín Bouza Brey	Ponteareas	Pontevedra
36006134	CEIP Plurilingüe San Benito de Lérez	Pontevedra	Pontevedra
36006730	IES Frei Martin Sarmiento	Pontevedra	Pontevedra
36014994	EEI Concepción Crespo Rivas	Pontevedra	Pontevedra
36018379	IES A Xunqueira li	Pontevedra	Pontevedra
36007643	CEIP Plurilingüe Outeiro Das Penas	Redondela	Pontevedra
36019566	IES de Chapela	Redondela	Pontevedra
36020337	IES de Salvaterra De Miño	Salvaterra de Miño	Pontevedra
36020350	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro	Silleda	Pontevedra
36009524	CEP Plurilingüe Pedro Caselles	Tomiño	Pontevedra
36009755	CEIP Pazos De Reis	Tui	Pontevedra
36014775	CEIP Plurilingüe de Guillarei	Tui	Pontevedra
36015020	CEIP de Randufe	Tui	Pontevedra
36010101	CEIP Plurilingüe O Sello	Vigo	Pontevedra
36010137	CEIP Igrexa Candeán	Vigo	Pontevedra
36010204	CEIP Plurilingüe Párroco Don Camilo	Vigo	Pontevedra
36010265	EEI Cristo de la Victoria	Vigo	Pontevedra
36010423	CEIP Valle-Inclán	Vigo	Pontevedra
36010459	CEIP Josefa Alonso de Alonso	Vigo	Pontevedra
36011580	IES San Tomé De Freixeiro	Vigo	Pontevedra
36011634	IES Politécnico De Vigo	Vigo	Pontevedra
36015251	CEIP Plurilingüe Frián-Teis	Vigo	Pontevedra
36015810	CEIP Sobreira Valadares	Vigo	Pontevedra
36019670	IES do Castro	Vigo	Pontevedra
36020374	IES Valadares	Vigo	Pontevedra
36012377	CEIP Plurilingüe de Cerdeiriñas	Vila de Cruces	Pontevedra
36013588	CPI do Toural	Vilaboa	Pontevedra
36019451	CEIP A Escardia	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
36013023	CEIP Plurilingüe de San Roque	Vilanova de Arousa	Pontevedra

ANEXO II

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
1. Antigüidade (máximo 5 puntos). Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
1.1. Por cada ano de servizos como persoal funcionario que superen os cinco exixidos como requisitos: A fracción de mes computarase por 0,041 puntos	0,50	Certificación ou folia de servizos expedida pola xefatura territorial correspondente ou copia simple do título administrativo coas dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como persoal funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2. Por cada ano de servizos como persoal funcionario noutros corpos ou escalas docentes que impartan algunha das ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación: A fracción de mes computarase por 0,020 puntos	0,25	
2. Desempeño da dirección de centros públicos e outros cargos directivos e de postos na Administración educativa (máximo 5 puntos). Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
2.1. Por cada ano como persoa titular da dirección dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: A fracción de mes computarase por 0,083 puntos	1	Copia simple do nomeamento, coas dilixencias da toma de posesión e cesamento.
2.2. Por cada ano como persoa titular da dirección dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro ao que se opta: A fracción de mes computarase por 0,041 puntos	0,50	
2.3. Por cada ano como persoa titular da subdirección ou xefatura de servizo en postos da Administración educativa: A fracción de mes computarase por 0,041 puntos	0,50	
2.4. Por cada ano como persoa titular da vicedirección, subdirección, secretaría ou xefatura de estudos dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: A fracción de mes computarase por 0,041 puntos	0,50	
2.5. Por cada ano como persoa titular da vicedirección, subdirección, secretaría ou xefatura de estudos dun centro que non impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: A fracción de mes computarase por 0,020 puntos	0,25	
2.6. Por cada ano como persoa titular da xefatura de departamento,coordinación dos equipos de normalización lingüística, coordinación de ciclo, coordinación do proxecto Abalar, asesor/a Amtega, asesor/a CIEDIX, asesor/a CGIFP coordinación de centro plurilingüe, coordinación de sección bilingüe, coordinación de auxiliares de conversa, responsable/coordinación do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable/coordinación da dinamización das TIC, responsable/coordinación de biblioteca, responsable/coordinación da convivencia escolar, responsable da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinación do equipo de dinamización da lingua galega, coordinación de formación en centros de traballo, coordinación do bacharelato internacional, coordinación de emprendemento, coordinación de programas internacionais, coordinación de innovación e formación do profesorado, coordinación de biblioteca de centro integrado, coordinación de residencia, xefatura de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesoría de formación permanente, asesoría Abalar, asesoría Siega, dun centro que impartise algunha das ensinanzas do centro a que se opta: A fracción de mes computarase por 0,012 puntos	0,15	
3. Méritos académicos: máximo 1 punto. Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica.		
3.1. Por cada título de doutorado:	0,50	Copia simple do título ou certificación do pagamento dos dereitos de expedición, de acordo co previsto no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto (BOE do 6 de agosto).
3.2. Por cada título de licenciatura, enxeñería ou arquitectura distinto do alegado para ingreso no corpo, ou polo certificado-diploma de estudos avanzados:	0,30	
3.3. Por cada título de grao distinto do alegado para ingreso no corpo	0,25	
3.4. Por cada título de diplomatura universitaria ou equivalente distinto do alegado para ingreso no corpo:	0,15	
4. Cursos de formación: máximo 3 puntos. Baremación de oficio desta epígrafe, agás no caso de non ter actualizado o seu expediente		

Méritos	Puntos	Documentación xustificativa
persoal, caso en que deberá achegar a documentación xustificativa que se indica. Por cursos de formación relacionados coa función directiva organizados polas administracións educativas que se atopen en pleno exercicio das súas competencias en materia educativa, por institucións sen ánimo de lucro que fosen homologados ou recoñecidos polas administracións citadas con anterioridade, así como os organizados polas Universidades: 0,05 puntos por cada 10 horas.		
4.1. Por actividades e cursos recibidos:	Ata 2	Certificado deles en que conste de modo expreso o número de horas de duración do curso. No caso dos organizados polas institucións sen ánimo de lucro, deberá acreditarse de forma que faga fe o recoñecemento ou homologación.
4.2. Por cursos impartidos:	Ata 1	
5. Corpo de catedráticos. Baremación de oficio desta epígrafe.		
Por pertencer a un dos corpos de catedráticos regulados na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:	0,50	Baremación de oficio deste mérito.
6. Proxecto de dirección.		
Polo proxecto de dirección:	Ata 12	Orixinal deste.

Disposición complementaria única.

Na valoración do proxecto de dirección aplicaranse os seguintes criterios:

Epígrafes do proxecto	Puntuación máxima
Presentación e fundamentos do proxecto	2
Obxectivos	3
Plans e liñas de actuación	4
Avaliación do proxecto	3

ANEXO III

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE MÉRITOS PARA A ELECCIÓN E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS QUE IMPARTEN AS ENSINANZAS REGULADAS NA LEI ORGÁNICA 2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN

DNI: _____ **APELIDOS E NOME:** _____

DATOS DE IDENTIFICACIÓN

Corpo:		DNI:	
Nome:			
Primeiro apelido:			
Segundo apelido:			
Ano da convocatoria do proceso selectivo polo que se ingresou no corpo		Puntuación obtida:	

DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Rúa e número:		Código postal:	
Localidade:		Teléfono:	
Correo electrónico:		Teléfono móbil:	

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A persoa solicitante ou representante **DECLARA:**

1. Que son certos todos os datos contidos na solicitude e na documentación achegada.
2. Que a documentación achegada é copia fiel dos orixinais que constan no seu poder.

DATOS DE DESTINO

Marque cun "X" o tipo de destino que proceda	☐ Destino definitivo nos cursos 2022-2023 e 2023-24
	☐ Destino provisional no curso 2023-24
	☐ Ningunha das situacións anteriores, último destino definitivo
Centro:	
Localidade:	
Provincia:	
Praza ou posto dende o que participa:	

CENTRO DOCENTE QUE SOLICITA

Código	Centro	Concello

.....de..... de 2024

Sinatura da persoa interesada

Consellería de Cultura, Educación, Formación Provisional e Universidades

Xefatura Territorial de